



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (P.P.)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (P.P.)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (P.P.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D^a. Eva García Fernández

Ausentes

D. Rafael Sierra Carril

D^a. Serafina Varelas Viera

No salón de Plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 7:30 horas do día 3 de OUTUBRO de 2016 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara



aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas e benvidos a este Pleno. Antes de nada desculpar as ausencias da voceira de Democracia Ourensana Fina Varelas e de Rafael Sierra. Unha é por unha razón de leducia, queremos transmitirlle os parabéns polo nacemento da súa primeira filla, e Rafa porque agora mesmo está hospitalizado.

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR (06/06/2016)

O primeiro punto da orde do día é a aprobación da acta do 6 de xuño de 2016. Votos a favor?

O sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade. Grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Aprobación da acta anterior 06/06/2016”

2.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día é a aprobación inicial da modificación o regulamento orgánico municipal. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Este punto xa veu a un Pleno anterior hai dous meses para o seu debate polo tanto non vou a repetir o que se falou naquel Pleno o único que vou a dicir é que a introdución que se puxo e que é o motivo polo que quedou aprazado naquel Pleno é a inclusión do artigo 48, que regula como se fará para recoller o voto ás persoas que non están presentes nos Plenos. Entón pon no artigo 48 “Normas sobre o voto a distancias nos órganos colexiados da corporación” Isto fíxose un informe por parte de secretaría e entendemos que esta é a forma de recoller como ten que ser o voto a distancia das persoas que por algún motivo, como sucedeu hoxe, non poden estar presentes todos os membros da corporación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Algunha intervención? Sr. Ramón?

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todas e a todos. Nada máis que dicir, como ben dixo o Tenente Alcalde xa foi debatido este tema, estamos todos de acordo. Unha vez que subsanou o que acaba de comentar sobre o artigo 48, pois estamos de acordo.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana, Sra. Julia.

A sra. Jácome toma a palabra : Democracia Ourensana está de acordo tamén.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (P.P.): Boas tardes a todos e a todas e ao público que nos acompaña. Nós estamos de acordo porque é un tema que trouxéramos o Partido Popular, pois como todos saben ao estar de baixa podemos votar dende o hospital onde nos encontremos ou dende casa. Loxicamente vamos a votar a favor porque é unha reivindicación que nós traíamos e que vemos perfectamente hoxe coa alegría da nosa compañeira que dende o Grupo Popular, se lle transmita a nosa outra compañeira Julia Jácome que lle dea os parabéns. E ao noso compañeiro do Partido Socialista que se mellore. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Polo tanto Quere vostede facer algunha intervención máis, non? Pois sométese a votación este punto da orde do día. Votos a favor?

O sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:”

Aprobación inicial do Regulamento orgánico municipal”

3.- DECLARACIÓN DE SERVIZOS PRIORITARIOS, URXENTE E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN EDUCADOR FAMILIAR

O sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto da orde do día é a declaración de servizos prioritarios, urxencia e necesidade de contratación de persoal laboral temporal dun Educador Familiar. Ten a palabra o señor concelleiro de servizos sociais.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Boas tardes a todas e a todos. Dikir que hoxe traemos este punto na orde do día declaración de servizos prioritarios, urxencia e necesidade de contratación de persoal laboral temporal dun Educador Familiar, dada a situación que todos e todas coñecen do Servizos Sociais onde tiñamos unha traballadora de baixa durante moito tempo e que estábamos na obriga de pretender substituíla, e foi o que se fixo con un contrato dende o día 1 de agosto, senón recordo mal, pola IT desta traballadora ata o día 31 de decembro, ou mentres dure evidentemente esta IT. Aquí teñen os informes tanto de Secretaría como da técnico, Traballadora Social do servizo, é dicir que efectivamente era unha necesidade imperiosa porque tiñamos proxectos enriba da mesa e reclamacións, cuestións de fiscalía e determinadas cuestións onde se reclamaban proxectos de



intervención social do Educador Familiar pois estábamos nesa eiva porque non tiñamos ese posto hoxe e que evidentemente o servizo tiña esa eiva e que agora está solventada.

Atrasámolo un pouco na presentación polas vacacións dos técnicos para emitir un informe como teñen aí e nada máis. Se algunha cousa queren comentar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Grazas.

Sra. Julia, nada? Non quere decir nada ou quere que lle repita el a intervención

A sra. Jácome toma a palabra: Nada, es que non entendín nada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Explica de novo si tal.

O sr. Núñez toma a palabra: O punto é declaración de servizos prioritarios, urxencia e necesidade de contratación de persoal laboral temporal como é do Educador Familiar. Eu expliquei que efectivamente tiñamos unha necesidade imperiosa no servizo de substituír a unha persoa que levaba en IT durante meses e meses que tiñamos digamos, documentación enriba da mesa pendente de resolver, con determinados atrasos tamén, que estaban digamos resolvendo daquela maneira as Traballadoras Sociais, pero que non era un cometido específicos delas, polo tanto tiñamos ou ben que derivalo a outros servizos ou mal atender determinadas cuestións, e que tal e como establece a lei, os informes que tedes aquí da Traballadora Social de referencia e da Secretaría municipal, establece que en concellos con unha poboación como estamos nós entre 10.000 e 15.000 habitantes ten que haber dúas traballadoras sociais e un educador familiar. Algo que non se estaba cumprindo polo tanto o que fixemos pois foi, traemos este punto, fixemos a contratación. Digo que non coinciden as datas polo que expliquei no seu momento de tema de vacacións de persoal funcionario para emitir un informe, e ausencia de Pleno, senón se traería tamén, que foi cando se iniciou a contratación. Non seu se che quedou claro?

A sra. Jácome toma a palabra: Si, si...

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Sarín. Toma a palabra a señora Julia Jácome. A voceira ou voceiro do Partido Popular, por favor.

A sr. Fernández toma a palabra (P.P.): Boas tardes a todos e a todas, especialmente ao público que nos acompaña. Como vamos vendo nos últimos Plenos é menor o número de asistencia. Vamos a ver isto foi unha proposta no seu momento que presentou o noso Grupo do Partido Popular, sabendo que existía unha IT, unha baixa por enfermidade que se prevía longa da actual Educadora Familiar, entón propuxemos que se contratara esa substitución e a maiores unha máis polas condición do noso Concello, sobre todo no tocante ó número de poboación. Vamos a ver sorprende, xa dixo o sr. Sarín,



que fora un problema por temas de persoal, prazos e demais, que se presente hoxe a Pleno os servizos prioritarios cando xa leva uns meses contratado o Educador Familiar. Entón nós vemos coma sempre nesta mestura de goberno unha falta de previsión, xestión e eficacia. O que si esta vez vámolos pasar porque foi unha proposta nosa, pero a partir de agora, de verdade, traede as cousas cando as hai que traer o Pleno. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas sr. Manuel. Sr. Serafín Núñez algunha intervención?

O sr. Núñez toma a palabra: Si moi breve. Por un lado sei que efectivamente o Partido Popular trouxo mocións ao respecto desta cuestión, evidentemente nós desde o Concello pois estábamos, como non podía ser doutra maneira neste tema. Fixemos a contratación pola IT da persoa titular da praza, e evidentemente entendemos que segundo establece a lei non imos a proceder a outro tipo de contratación. Vamos a manter esta IT e evidentemente a ter unha persoa con ese cometido para o ano 2017 e sucesivos. Porque é o que establece efectivamente a lexislación e aquí nos informes dos técnicos o podedes ver onde establece por cuestión de poboación pois o ratio de Traballadoras Sociais e Educador Familiar. Ben e dicir xa o dixen no seu momento se iniciou a 1 de agosto o seu contrato, en agosto non houbo Pleno e en setembro a técnico de referencia que tiña que emitir o informe estaba de vacacións polo tanto non se puido traer en setembro e se trae en outubro. Nada máis.

O Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sr. Ramón? Sra. Julia? Sr. Manuel? Nada. Polo tanto sométese a votación este punto da orde do día. Votos a favor

A sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:”

Declaración de servizos prioritarios, urxencia e necesidade de contratación de persoal laboral temporal, dun educador familiar”

4- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE SUBVENCiónS EN MATERIA DEPORTIVA DO CONCELLO DE BARBADÁS.

O Alcalde toma a palabra: Pasamos a aprobación inicial da ordenanza reguladora de subvencións en materia deportiva do Concello de Barbadás. Ten a palabra o señor Concelleiro de Deportes Adrián Varela.

O sr. Varela toma a palabra (PSOE): Boas tardes a todos e a todas. Traemos hoxe ao Pleno esta ordenanza reguladora de subvencións en materia deportiva do Concello de Barbadás, para a súa aprobación inicial. Ordenanza que recolle subvencións a aqueles clubs e asociacións deportivas do



nosso concello para a o desenvolvemento das súas competicións ou actividades federadas, así como aquelas asociacións ou clubs do Concello que organicen eventos ou competicións no noso Concello. Estas subvencións outorgaranse por concorrència competitiva seguindo o que nos marca a Lei que nos indica que o procedemento ordinario de concesión das subvencións será o de concorrència competitiva aínda que se poderán establecer subvencións con carácter excepcional por razóns de interese público ou nominativas. O motivo polo que traemos hoxe a Pleno esta ordenanza e non se trouxo nas datas na que se presentaron outras ordenanzas, como as de asociacións culturais e veciñais, obedece a solicitude que nos fixeron os clubs deste concello no verán de 2015 cando entramos no goberno, xa que a temporada competitiva na maioría de deportes correspóndese co período escolar, de setembro, outubro a xuño, e atendendo as súas peticións decidiuse manter a de 2016 ás subvencións nominativas que tiñan fixadas, para que non tiveran dificultades para afrontar a temporada deportiva. Así mesmo xa lle foi informados que o 2016 sería o último ano en recibir subvencións nominativas e así se fixo mantendo as subvencións nominativas que había para o 2015. Esta ordenanza que hoxe traemos aquí foi enviada a tódalas asociacións deportivas rexistradas no Concello o día 29 de xullo para que tiveran a posibilidade de vela e estudala antes da reunión que tivemos con eles un mes despois, o día 29 de agosto, onde nos comentaron unha serie de suxestións que xa están incorporadas na ordenanza que hoxe presentamos. O principal fin de outorgar estas subvencións en concorrència competitiva e non en forma nominativa como se ía facendo ata de agora, é a aplicación de criterios obxectivos para a concesión dun diñeiro público e non con criterios subxectivos. Todos os grupos da oposición dispoñen da ordenanza polo que non vou a entrar a desmenuzala artigo por artigo. Simplemente engadir que se poden incluír todos aqueles puntos de baremación que consideramos que poden ser de interese para o Concello e neste sentido non houbo ningunha consideración por parte das asociacións deportivas. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o sr. Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra : Simplemente dicir que estamos de acordo da maneira que se levou a cabo este tema. Os equipos deportivos están de acordo, e non nos fixeron chegar ningunhas, nada en contra sobre esta ordenanza de subvencións por concorrència competitiva e achegas que solicitaron están reflectidas no documento, polo tanto, sobre todo tamén no tocante que nós defendíamos tamén no seu día para as asociacións veciñais que era unha cantidade fixa coa que puideran contar, entón pois en principio non temos máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sra. Julia Jácome ten a palabra. Non?. Voceira ou



voceiro do Partido Popular ten a palabra.

A Sra. Vispo toma a palabra: Eu na miña segunda intervención quería preguntarte unha serie de cuestións que non me quedaron claras no que é o obxecto da ordenanza con base á súa finalidade “distínguense dúas liñas de financiamento, organización de actividades deportivas federadas ou outras actividades de especial transcendencia social que contribúan a promoción deportiva, e os gastos de funcionamento das entidades deportivas por participación e organización de competicións e actividades federadas de carácter oficial”. Mi pregunta é a seguinte, vamos a ver, o que explicabas era que ía a haber subvenciones por exemplo, un club que queira organizar pois unha carreira, a ese club daráselle na primeira liña, ¿non? ¿Pode entrar nas dúas? Logo mo explicas. E logo, é que non me quedou claro o da liña 1 e a liña 2, entón prefiro que mo expliques para explicarlle, porque nós tamén tivemos reunións coas distintas asociacións deportivas e clubs e ao mellor si se presentan alegacións por unha serie de cuestións. O que si na Comisión Informativa nos explicaches o tema dunha subvención nominativa que si se fará mediante un convenio á Unión Deportiva Barbadás. Entón quero que mo expliques porque durante 8 anos que eu estiven ao fronte desa Concellería o que se criticou foi por parte dos Grupos Socialista e BNG, ese convenio e esa subvención, entón quero saber como se vai a facer. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sr. Adrián Varela.

O sr. Varela toma la palabra: No tema das dúas liñas de financiamento, a primeira é para actividades ou eventos que organicen as asociacións ou clubs, e a segunda é para os gastos que teñen do seu funcionamento habitual durante as competicións. É dicir, a primeira, si un club organiza unha carreira, sería esa liña, e o outro sería, pois por exemplo os gastos de arbitraje, de licenzas e todo isto que teñen durante o ano para competir os que están federados. Con respecto ao segundo, a subvención da Unión Deportiva Barbadás, e un club que está en 3ª División, nunha categoría nacional, evidentemente é moi complicado encadrarlo dentro destas subvencións para que cadren coas cantidades que perciben o resto de asociacións e clubs. Evidentemente o feito de que teñan unha subvención nominativa, temos detrás unha escola de fútbol con 280 rapaces e vamos a arbitrar un convenio, que por certo dixéronme que había, nunca se levou a cabo, nin Secretaría nin Intervención sabían del, nunca se aprobou, e algún momento pois esperemos que este que estamos elaborando nós se leve a Pleno para que o vexades todos, e quede todo máis claro

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Prosigue vostede coa súa intervención, ou?

O sr. Alcalde toma a palabra: No, eran aclaracións, non sei si quere proseguir despois coa segunda



intervención ou quere engadir algo máis. Non? Perfecto, ten a quenda de palabra o sr. Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra: Preguntar si hai aclaracións durante as intervencións.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non as hai, pero é un asunto para que lle quede claro para a segunda intervención.

O sr. Padrón toma a palabra: É algo novo para iso está a Comisión Informativa digo eu, para este tipo de cuestións senón aforramos vir a Comisión Informativa si vamos a vir a preguntar aquí e aforramos cartos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Foi cuestión de axilidade. Ten vostede toda a razón neste caso.

O sr. Padrón toma a palabra: Non hai máis que dicir. Xa dixen antes que estábamos de acordo, que celebramos que se fixera unha ordenanza contando cos que están involucrados neste tema, e aparte que se faga con sentido común, e un consenso entre o que son as subvencións nominativas e as subvencións por concorrencia competitiva, porque xa vemos como van nominativamente e por concorrencia competitiva e non pasa nada. Entón por iso celebramos que se busque o sentido común e non se pense que como pasou da outra vez que tiña que ser dunha maneira aínda que despois na práctica o fan doutra forma, algunhas cuestións. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sra. Julia ten a palabra. Non. Sra. Chelo está na súa quenda de palabra.

A sra. Vispo toma a palabra: Sr. Padrón este é a miña segunda quenda de intervención. Eu no primeiro podo aproveitar para preguntar se teño dúbidas, non é un tema de Comisión Informativa. Segundo, vostede fala de sentido común, sentido común é o que ten que aplicar este goberno nas subvenciones nominativas como pasou este fin de semana que se dividimos os 4.000 € que lle deron ao Tangaraño Rock, e vemos as persoas que houbo alí se dividimos entre as persoas que foron a ver o concerto, nos saíría máis caro e máis favorable comprarlles os CDs dos grupos que actuaron alí. Quedoume claro o tema das, gracias de todas maneiras señor Varela, e o que si lle vou a dicir porque sinceramente veo que ou sexa, me quedaban esas dúbidas, nós falamos cos clubs e coas asociacións e sinceramente, cando as cosas se fan ben, está correcto, agora o que si non vou a pasar é polo tema da Unión Deportiva Barbadás. Durante 8 anos, e o sigo dicindo, nos han, vostede non estaba aquí, pero o mesmo que aclarou vostede, o aclarei eu sentada aí. O mesmo que vostede dixo con 280 niños e que tiñamos ao club en 3ª división, díxeno eu por activo e pasivo e aquí dixéronme que tiñamos texemenexes entre a Unión Deportiva Barbadás e as Escolas Infantís. Cando se tivo que separar as Escolas Infantís, que iso quedou feito e que vostedes seguen mantendo porque é o correcto, agora xa



sei que hai outra maneira de facelo pero iso tamén poden poñelo en práctica, porque senón tamén o traemos nós, agora hai que facelo doutra maneira, de feito ao monitores hai que contratalos, entón esa é a nova maneira e si sabemos que se pode facer xa, pero cando nós separamos aquí criticóusenos por activa e pasiva, hoxe o señor. Alcalde e o hoxe señor Tenente Alcalde, criticáronos de que había texemenexes entre a Unión Deportiva Barbadás e as Escolas Infantís, e ao final danos a razón, que todo está ben feito e iso é o que quero que conste en acta, de que está ben feito e que é a única maneira de facelo e de manter as escolas con 280 niños e a Unión Deportiva Barbadás cunha subvención nominativa porque é a única maneira de facelo. Gracias.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Adrián Varela.

O sr. Varela toma a palabra: Con respecto do que en 8 anos se fixo aquí, evidentemente eu non estaba é non é meu problema, con respecto o outro. Estou dicindo que ata de hoxe non había ningún convenio que establecera a relación entre a Unión Deportiva Barbadás e as Escolas Deportivas de Barbadás. Nós imos a facelo e vai quedar reflectido todo. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Voulle responder eu brevemente, moi brevemente dona Chelo. Todos sabemos que había anomalías. Digamos anomalías no funcionamento de certas cuestións do Barbadás, dos gastos do Barbadás. Que quede aí. Deixémolo aí. Votos a favor?

A sra. Vispo toma a palabra: Por alusións.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten un minuto. Si. As alusións foron a ela. Non lle corresponde. Ese xa pasou. Un minuto, señora Chelo.

A sra. Vispo toma a palabra: Non, non se me leva menos. O que vostede está dicindo, demóstreo, demóstreo que estaba mal. Aquí había uns técnicos por onde se pasaban todas las contas, entón eu non entendo que tanto nos din que todo estaba mal cando seguen facendo o mesmo. É que demostre as cousas, nós traémolo con papeis cando algo está mal. Pero vostedes están, se facía mal, se facía mal, e que o digan e que o demostren. Non temos ningún problema. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: A única cuestión é que nós, este goberno o único que lle vai pagar á Unión Deportiva Barbadás, son os importes que figuren no convenio, nada máis. Con iso digo todo. Ramón, non lle corresponde.

O sr. Padrón toma a palabra: Só cinco segundos. Vostede pode preguntar o que queira pero as aclaracións non se fan nesa quenda. Acabamos de aprobar un regulamento municipal e non pon que a vostede lle podan responder na mesma quenda que vostede está intervindo, que eu saiba.

O sr. Alcalde toma a palabra: Deixemos o tema Ramón.



O sr. Padrón toma a palabra: Xa pero é que...

O sr. Alcalde toma a palabra: Ramón. Xa está. Votos a favor?. Abstencións. Votos en contra polo tanto non hai.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións do PP o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da Ordenanza reguladora de subvencións en materia deportiva do Concello de Barbadás”**

5- LEVANTAMENTO DO REPARO RELATIVO Á TRAMITACIÓN DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 6/2016.

Este punto queda retirado da orde do día.

6- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2016

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao expediente de modificación de créditos por suplemento de crédito 2/2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: O número 5 queda retirado. Pasamos ao punto número 6 expediente de modificación de créditos por suplemento de crédito 2/2016. Ten a palabra a sra. Victoria Morenza.

A sra. Morenza ten a palabra (PSOE): Boas tardes a todas e a todos. Pois ben, este expediente de modificación de créditos van varios proxectos como é a mellora do Parque infantil da Solaina por valor de 71.069,22 €, melloras en parques e xardíns no Común, Bentraces, Parada Bahamonde e Paseo dos Amieiros, por valor de 51.067, 20 €. Renovación do pavimento en Parada nas rúas Tangaraño e Camiño das Antoniñas, por valor de 60.000 €. Ampliación do camiño da Granxa valor de 67.500 €, e iluminación na estrada OU-519, dende o acceso a Parada ata a rotonda de Piñor. Con este conxunto de obras, este goberno tenta dar solucións a cuestións, peticións, reclamacións, inquietudes, que plantexa a cidadanía. O esquema é piramidal pero a orixe non está nas mentes privilexiadas que se deciden desde un despacho, senón no que quere a sociedade. O sistema polo que avogamos é a liña invertida de abaixo cara arriba. A sociedade é sempre a orixe e o xerme no nace un concello máis habitable, máis moderno e máis preto, por iso traemos aquí ese conxunto de obras, este expediente de modificación de créditos, é o produto dunha pormenorizada labor de adecuación de diferentes lugares do municipio, o que quere a veciñanza e que leva reclamando décadas. Mellórase o parque infantil da Solaina, porque foron centenaes ás peticións que incidiron na necesidade de cambialo, de



modernizalo, de reformalo, é por este motivo se introducimos a instalación dun elemento de xogo novidoso, unha tirolina porque escoitamos a voz deses nenos e nenas e dos seus pais, dos mozos e mozas que reclaman dende hai anos un elemento de xogo destas características nun Concello onde nacen cen nenos e nenas cada ano. E porque escoitamos aos usuarios e usuarias deste parque substituímos a área por pavimento continuo de caucho e porque coñecemos a utilidade destas instalacións, habilitamos unha zona de pavimento para o paso de vehículos autorizados ou para momentos puntuais como poden ser tarefas de mantemento ou actuacións lúdico culturais. E porque coñecemos as necesidades e as peticións da sociedade, reformamos o parque Bahamonde, definimos unha utilidade lúdica para unha zona de pavimento reconstruímos o muro, dignificamos o uso deste espazo e adaptamos para o uso dos cativos unha zona que ata agora era un lugar onde a xente levaba as súas mascotas a defecar, e a miccionar. E porque escoitamos, facemos unha reforma e modernización dunha parte da zona recreativa do Común, coa instalación dun cenador para o esparcemento de persoas que cada día acoden ó lugar, e colocamos elementos de xogo nunha zona desmantelada progresivamente polos gobernos anteriores do Partido Popular. E porque atendemos á petición da veciñanza, pero sobre todo porque queremos cumprir a lexislación vixente contemplamos o valado dos Parques dos Amieiros que ata agora incumpriron a normativa respecto as distancias mínimas a viarios. Lembremos que a lexislación establece a obrigatoriedade de valado dos parques cando están a unha distancia inferior a 30 metros. E dende o inicio o Partido Popular fixo caso omiso destas normas porque dende o parque pequeno ata o viario hai 3,60 metros. O que demostra o incumprimento evidente co conseguinte perigo para os cativos e cativas que acoden diariamente a este parque e que foi un perigo vivido por familias enteiras durante anos. Tamén se incumpre a normativa no parque Grande, que está a preto de 18 metros. do viario, no Paseo dos Amieiros. Sempre menos de 30 metros. Tal e como establece a lexislación. En suma durante anos estiveron poñendo en perigo a seguridade dos cativos e das cativas que utilizan estes parques, e estiveron incumprindo a lexislación no só no referente as distancias senón tamén respecto da obrigatoriedade de instalar paneis informativos nos parques de nova creación. Algo tan sinxelo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, como pasou hai dous Plenos no tema doutras obras que se trouxeron aquí a Pleno estamos de acordo que se executen estas obras porque son resposta á moita maioría de veciños que as pediron no seu día, e que nós levábamos no noso programa cando nos presentamos ás eleccións. Outras xa están executadas, algunha delas xa aprobadas o ano pasado e



quedan aínda algunhas ou moitas que tamén deben entrar en execución antes de que remate a lexislatura. O que pedimos é que se executen de maneira eficiente porque para exemplo xa tivemos o da piscina municipal, entón non só é aprobalas é licitalas e darllas ás empresas senón levar un control para que esas obras se realicen convenientemente e que duren o maior número de anos posibles e que non salgan despois nun sobrecoste como pasou coa piscina municipal. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia Jácome

A sra. Jácome toma a palabra: Dicir simplemente que dende Democracia Orensana estamos de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. Falaba dona Victoria Morenza dos paneis informativos, o da Solaina debeu ser idea do BNG, porque o panel que xa puxeron o outro día antes de empezar as obras xa leva a estrela vermella do BNG. Pregunto, máis que digo. Pregunto. Non se tome a mal. En canto ao outro, pois home, non hai máis que ver fins a que se destinan os créditos a causa da súa necesidade. O parques e xardíns de Comúns, Bentraces, Parada, renovación de pavimentación en Parada, obras Tangaraño, Camiño das Antoniñas. Ampliación do camiño da Granxa en Parada. Iluminación desde o acceso Parada, Parada, Parada, debeu ser o prezo da alcaldía don Ramón, estará vostede contento. Por certo, cando nós trouxemos estas melloras, vostede votou en contra, lémbrollo. Porque estas mocións moitas destas cousas xa as tiñamos plantexadas e votou en contra. As actas me remito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, por favor, na súa quenda de intervención diga vostede o que lle pareza. Grazas.

O sr. González: Prosigo logo, grazas señor Alcalde. Falaba dona Victoria Morenza da liña invertida de abaixo cara arriba. O outro día na reunión que estiveron os meus compañeiros coas asociacións, por certo hai máis de 30, e alí acudiron bastante menos da metade, non parece que teñan vostedes moito feeling coas asociacións nin coa cidadanía polo que se está a ver. Decía que estaban menos da metade igual o ano que ben ao mellor están eles solos, vai por Deus. Pois nesa reunión unha das cousas que se viron foron moitas necesidades, especialmente Bentraces reivindica sistematicamente algunha delas, e os pobos case todos plantexaron un montón delas e aquí parece que vai todo destinado a Parada Piñor, Piñor Parada, Parada Piñor. En fin, non moito máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. A min gustaríame incidir na importancia destas



obras, por exemplo, no camiño da Granxa, un viario que agora mesmo non permito o tráfico rodado. Para nós iso é preocupante, é un viario que está sen afirmar, é prioritario e urxente, lévano solicitando os veciños desde hai anos e vai ter unha calidade e características dignas. Sobre a renovación da pavimentación en Parada, é un proxecto que tivo que ir a Patrimonio polas súas características e pola súa importancia. Evidentemente vai a contribuír a dignificar o casco antigo de Parada. Trátase dun tramo de 487 m², con pavimento de formigón desactivado, con laterais en bandas de adoquín en granito silvestre. Isto contribúe a mellorar os cascos antigos polos que este goberno está preocupado, e polos que seguiremos traballando nos vindeiros meses noutros puntos do municipio porque que apostamos polo equilibrio territorial. En lugares como en Bentraces nos que estamos traballando neste sentido. Despois gustaríame incidir no proxecto e dinamización na estrada OU-519 porque a nosa compañeira, voceira do Partido Popular e deputada na Deputación en Infraestruturas, queremos lembrarlle que este proxecto de 37.900 €, teno que asumir o Concello porque a Deputación negouse, podémolo dicir, un pouco máis fortemente, ou podemos dicir, adornar con palabras bonitas, negouse a apoiar ao Concello de Barbadás na iluminación, na mellora da iluminación neste tramo tan importante, e no que hai tres complexos, un complexo hospitalario e dúas residencias de anciáns. Pois ben, para nós é importante este tramo por iso solicitamos xa hai meses, creo recordar no mes de marzo, axuda á Deputación, solicitámoslle a contribución da Deputación a crear este alumeado e a negativa foi a resposta. Por iso este Concello tivo que asumir este custe de 37.907 € e agradeceríamoslle que en ocasións vindeiras a Deputada en infraestruturas tivera máis en conta o seu Concello e defendera os intereses das persoas de Barbadás, das persoas que vivimos en Barbadás. Este proxecto é importante porque consiste na colocación de 23 luminarias led, ao longo dun importante tramo, e para nós estas si que son cuestións prioritarias. Non se trata de Parada nin de Piñor, trátase de dous centros xeriátricos, tratase do hospital de Piñor, e trátase de centos e centos de vehículos que pasan por unha das estradas máis transitadas da provincia.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra: Podería contestar a un montón de cousas, podería votar aquí media hora pero non o vou a facer. Parada, Parada, oia, nós fixemos un pacto de investidura e ían moitas obras non só de Parada. Ían de Piñor, de Bentraces, de Sobrado, de Loiro, do Fonxillón, e ata o de agora aquí aínda non veu ningunha obra de Parada. O que se aprobou no outro Pleno foron un montón de obras que non había ningunha de Parada. O do Fonsillón que tamén o levamos nós tamén está executada se non se rematou xa. Na nosa páxina de Facebook está o contrato que firmamos co señor



Alcalde e están aí as obras para ver, para facer durante a lexislatura, tamén está a de Bentraces e vamos a loitar por que se lle faga, pero nós tamén no outro Pleno non viña nada de Parada e non pasou nada e tamén o aprobamos, entón pois se queren facer demagogia faga o que queira. Non teño máis que dicir. De Parada, pois mire, pódolle dicir que esas obras que van agora xa hai máis de 20 anos que están reclamadas, os gobernos que había antes non se preocuparon de nada, quero dicir tamén que eses camiños e iso todo, por si alguén pensa algo, eu non teño ningunha finca nin nada neses camiños, ou sexa que é para veciños, eu non teño nada que ver con iso. Eu non me beneficio absolutamente en nada particularmente. E que máis, dicirlle que ao mellor que non miraran para ese pobo para outras cousas pois ao mellor é un dos motivos polo que nós estamos aquí hoxe.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia Jácome

O sr. Alcalde toma a palabra: A voceira ou voceira do Partido Popular ten a palabra

O sr. González toma a palabra: Pouco máis que engadir. Vai todo para alí e para os outros non se fixo nada, e entón estamos reclamando esas obras e esas melloras. E dicirlle a dona Victoria Morenza que co tema da Deputación está moi ben como sempre botar balóns fora e reclamar. Pois mire sen ir máis lonxe o do Fonsillón fíxoo a Deputación, tan malos non serán con vostedes. Aquí neste Concello grazas a unha boa xestión que se fillo antes había un remanente de tesourería que ascendía a 1.519.508 € dos que xa sabemos todos que os están a destinar e como están, a ver canto queda cando se vaian vostedes. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Dado que insisten tanto no tema do Fonsillón, voules lembrar que hai un plan provincial no que cada Concello desta provincia ten destinados 50.000 €. A proposta desta obra no Fonsillón fíxoa este goberno, e creo recordar, aseguro que a señora Chelo Vispo nun Pleno no que se debatía este asunto dixo que ao mellor esa obra non se podía facer, que miráramos si estaba afectada por Patrimonio ou non, porque podía ser camiño real. A obra está feita. E vostede sabe que é así. Ademais a Deputación aquí non nos deu absolutamente nada porque é un plan provincial dun convenio que hai con todos os concellos da provincia. A Barbadás especificamente nada. Hai que lembrar tamén que a Deputación destinou ao longo deste ano 2.000.000 € en subvencións nominativas, e miren vostedes os Boletíns Oficiais da provincia a ver canto lle tocou a Barbadás. Votos a favor desta proposta. Abstencións? Non hai votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións do PP o seguinte acordo: “ **Expediente de modificación de créditos por suplemento de crédito 2/2016.** “



7.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS

A sra. Secretaria toma a palabra: Antes de pasar ao análise das mocións é necesario incluír por urxencia na orde do día un asunto que xa foi ditaminado e incluído por urxencia na Comisión informativa, trátase da adxudicación do contrato de limpeza de edificios municipais, do cal creo que xa teñen, non sei se teñen algún tipo de información. Pasóuselles a acta da Mesa de Contratación?. Fágolles un resumen?. Aberto o proceso licitatorio, presentouse unha soa empresa isto é unha explicación para eles, abriuse un proceso licitatorio e presentouse unha única empresa, Élite, entraba dentro dos parámetros técnicos e do prego de condiciones esixidos, polo tanto proponse pola Mesa de Contratación ao Órgano competente que é o Pleno, pois a adxudicación deste contrato á empresa Élite, por un importe de 158.509,92 € máis un IVE de 33.287,08.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sométese a consideración a toma deste punto da orde do día no Pleno pola vía de urxencia, A inclusión. Votos a favor

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Inclusión por urxencia da adxudicación do contratato de limpeza de edificios municipais**”

O sr. Alcalde toma a palabra: Entón ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Pouco máis que dicir que este foi un proceso no nós a verdade esperábamos que participaran máis empresas pero visto que o conflito que houbo con Linorsa foi unha das craves que disuadiu a outras empresas de presentarse quizais a este concurso. Finalmente foi Élite a empresa que optou a adxudicación da limpeza de edificios municipais e pouco máis que dicir. Creo que teño entendido que o Partido Popular presentou unha serie de peticións de informes hoxe pola mañá, pero xa son cuestións máis técnicas, eu podo responder no que a cuestión política se refire, pero xa fixen un resumo durante o anterior Pleno de todo traballo que se fixo durante meses para coordinar os diferentes servizos e definir as prioridades e as necesidades que había por iso se fixeron melloras na limpeza de edificios municipais, como poden ser, a limpeza dos tanatorios e o incremento de horas, a limpeza de cristais, a limpeza de zonas de difícil acceso que hasta agora non estaba recollido, entón incrementouse o número de horas en algúns lugares, fixéronse modificacións na distribución do persoal e das tarefas, pero xa son cuestións que non vou a incidir elas porque xa as expliquei no anterior Pleno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Perfectamente. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Señora Julia



Jácome? A voceira ou voceiro do Partido Popular?

A sra. Vispo toma a palabra: Como ben dixo a señora Victoria Morenza, nós non estamos en contra de la licitación deste servizo, o que si nós vamos a chegar ao final da cuestión. Hoxe á mañá presentamos para os demais grupos, no sei se lle pasaron, ¿Saben vostedes o que presentamos hoxe á mañá? Nós solicitamos informe da señora Interventora do Concello de Barbadás ou ao señor Alcalde no Pleno do día 3 de outubro de 2016 das seguintes cuestións: Copia do contrato coa actual empresa de limpeza, fecha do fin de contrato, copia das facturas de mes xullo, agosto e setembro 2016, e fechas de abono á empresa e copias das transferencias. Segundo información anterior ao Pleno con fecha 3 de outubro, este Grupo, o Partido Popular de Barbadás, entende que a situación do servizo de limpeza non cumpre coa legalidade que marca a Lei, e solicita informe urxente polo cal non se emitiu reparo das facturas do servizo de limpeza. Nós non nos vamos non sei se a señora Interventora ten algo que dicirnos porque nós si realmente todo está correcto, pois nós non temos inconveniente ningún en aceptar de que estea todo conforme, pero entendemos que segundo as datas que nós barallamos, esas facturas hoxe terían que estar reparadas, porque entendemos que o servizo de limpeza agora mesmo está con fin de contrato. Entón se alguén me quere aclarar o tema?

O sr. Alcalde toma a palabra: A señora Interventora contestaralle.

A sra. Interventora toma a palabra: Creo que xa lles contestei. Vostedes son os que presentaron o escrito. Precisamente eu non participo no debate político. Eu son un técnico que emite informes en tempo e forma.

A sra. Secretaria toma a palabra: Facilitóuselles o contrato que era o que tiñamos, si, si, agora mesmo o acabo de deixar eu aí. Que era o que tiñamos, digamos, dispoñible, pero a señora Interventora ao que, non, non, non, o contrato, copia do contrato, non, acabo de dar eu agora mesmo, o acabo de deixar agora mesmo agora mesmo aí. Si, telo na man, si, ese é o contrato de limpeza actual que solicitaban esta mañá, claro, iso no departamento de Secretaría tiñámolo facilmente accesible. O que ocorre é que a emisión de informes sobre facturas e sobre o tema que lle solicitan á Interventora ten un prazo de 10 días para emitilo e dado que hai que averiguar na contabilidade, non é tan sinxelo, claro localizar as facturas e tal, vailles a emitir un informe no prazo de 10 días que é precisamente o escrito que presentou. Iso é o único que vai facer.

A sra. Vispo toma a palabra: Perdón porque non vira. Aquí dinos, isto, imaxino unha Xunta de Local. É este? O contrato é Élite Gallega comprométese á realización do servizo de limpeza dos edificios municipais dende o día 1 de maio, e un prazo de 3 meses, entón agora mesmo estamos, esas



facturas ao meu entender, a non ser que o informe, non, non dixen ao meu entender, claro eu non son técnico, entón ao meu entender, entendo que, esperaremos ao informe de intervención para proceder en consecuencia con todo este tema.

A sra. Interventora toma a palabra: O que lle quero aclarar é que eu non teño a obriga nin menos me parece procedente tampouco, en un debate político que eu vaia a entrar nun debate cun Grupo Político sobre calquera cuestión. É ao que eu me refiro cando lle emito ese informe.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver, entendo que non teña que entrar en debate político, eu o único que preguntei si realmente é así este tema. Vostede está aquí para asesorar.

A sra. Interventora toma a palabra: Non, eu non estou aquí para asesorar.

A sra. Vispo toma a palabra: Ah! ¿Tampouco?.

A sra. Interventora toma a palabra: Non

A sr. Alcalde toma a palabra: Non hai ningún precepto legal que obrigue. Pode facer os informes por escrito tal como neste caso indica a señora Interventora, e creo que tamén dixo a señora Secretaria, agora mesmo non recordo. Os informes, á solicitude dunha das partes ou dunha parte, sempre cando reúnan máis de cinco Concelleiros, creo lembrar, non é así? Tamén son vinculantes.

A sra. Secretaria toma a palabra: Si suscita durante o transcurso do debate de algún asunto, si se suscita algunha cuestión relativa á legalidade de algo, evidentemente poderán intervir o Secretario ou o Interventor.

A sr. Alcalde toma a palabra: Poderán.

A sra. Secretaria toma a palabra: Poderán, claro. Pero evidentemente tamén é unha función de asesoramento a toda a corporación. O único é que a fórmula e as posibilidades varían. Efectivamente, si as facturas, hai que buscar na contabilidade, non as puido localizar e polo tanto tampouco pode emitir unha opinión, digamos fundamentada. A min, comentoumo esta mañá e manifestou a súa opinión de emitir un informe por escrito e está no sei dereito legal, claro.

A sra. Vispo toma a palabra: Si nós estamos de acordo. As obrigas e os dereitos temos que acatalos, agora, o que si sigo dicindo que aquí pois, tomaremos as medidas necesarias e informaremos aos demais grupos políticos no momento que nós vexamos algo que realmente creemos que está fóra, neste momento, da Lei. Así pois deixámolo aí, ¿non? E de que vostede non vou a entrar niso porque creo que non é o momento, xa llo faremos saber, cando non se entra o debate político, non se entra aquí nin nas Comisiones Informativas. Grazas.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Victoria, hai unha segunda quenda, quere



intervir novamente? Non. señor Ramón, señor Ramón?, señora Julia? señora Chelo Vispo, está na súa quenda de palabra se o quere usar.

A sra. Vispo toma a palabra: Para que se non teño información.

A sr. Alcalde toma a palabra: Pregúntolle, teño a a obriga de indicarllo preguntarllo. Se non quere facer uso del es cuestión súa, está na súa prerrogativa tamén. Polo tanto votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG e as abstencións de Ánxela González (BNG), PP e Democracia Ouresana o seguinte acordo:

“Adxudicación do contrato de limpeza dos edificios municipais

A sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular para a mellora da fiscalidade dos cidadáns de Barbadás. Ten a palabra a seu voceira ou voceiro.

A sr. Alcalde toma a palabra: O venres pola tarde enteréime de que no Concello de Ourense modificáronse os días festivos para o ano 2017, os festivos locais, modificándose en Xunta de Goberno, modificáronse pasando a ser festivo o día 13 de novembro en lugar do 11. Sí. Pois foi en Xunta de Goberno e decidírono. Si, porque cae a sábado, exactamente, entón o Concello de Ourense pasouno para o luns. E que modifiquemos a decisión plenaria que tomamos, creo que foi no Pleno de setembro, de primeiros de setembro, entón, sométese a consideración primeiro, a ter presente este punto, a inclusión deste punto na orde do día, e despois modificar si o considera o plenario, os días festivos. Votos a favor da inclusión deste punto na orde do día?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Inclusión na orde do día a Modificación dos festivos locais para o ano 2017”

8.- MODIFICACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017

A sr. Alcalde toma a palabra: Pois a seguinte decisión a tomar é si modificamos o día 11 de novembro como festivo pasando a ser día 13 de novembro que é luns, exactamente. Volvo a insistir, é consecuencia de que esta decisión foi tomada no último momento o día 29 no Concello de Ourense. Votos a favor?

A sr. Alcalde toma a palabra: Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

Modificación dos festivos locais para o ano 2017, quedando martes de entroido e 13 de



novembro”

9- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A MELLORA DA FISCALIDADE DOS CIDADÁNS DE BARBADÁS.

A sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ás mocións. A parte de mocións empeza polo Partido Popular para a mellora da fiscalidade dos cidadáns de Barbadás. Ten a palabra a súa voceira ou voceiro.

A sra. Vispo toma a palabra: O Partido Popular trae unha moción para a mellora da fiscalidade dos cidadáns de Barbadás por mor das numerosas queixas relativas ao pagamento dos recibos de IBI do ano 2016, e cómpre elaborar unha Ordenanza Fiscal xusta e que cumpra cos obxectivos de sosteñibilidade financeira e estabilidade orzamentaria. E que permita aos veciños e ás veciñas de Barbadás que se beneficien o máximo da revisión dos valores catastrais para o ano 2017. Para o público que nos acompaña hoxe queremos dicir que o Grupo Popular é a terceira vez que trae esta moción, ten dous puntos, iso é certo, despois na Comisión Informativa, ao non entender como nós redactáramos esa moción pois, creo que o Grupo Socialista presenta unha emenda, ¿non?.

O sr. Alcalde toma a palabra: O Grupo de Goberno

A sra. Vispo toma a palabra: Perdón. O Grupo de Goberno presenta unha emenda nos dous puntos separados. Eu o que quero dicir, é que o rebaixe dos valores catastrais xa o explicamos outras veces, dado que a cantidade que se paga de IBI é o resultante de aplicar a un tipo de gravame solicitado Valor catastral, ao reducirse este último, a contía pagar será menor. Os veciños de Barbadás vanse a beneficiar e ademais o pago do IBI, ¿en que inflúe un recorte de valor catastral nas vivendas?. Expertos consultados destacan que a maioría dos efectos son de carácter fiscal e afectan positivamente aos contribuíntes. Suponlles pagar menos. Vendedor ou herdeiro, un descenso do valor catastral da vivenda inflúe tamén no pago do Imposto coñecido como Plusvalía Municipal. Os que venden un inmovible ou aqueles que o herdan, deben abonar este tributo. Neste caso a base imponible deste imposto establécese co valor do terreo que é o valor catastral do inmovible. Isto supón que cun valor catastral menor a base imponible do imposto de plusvalías tamén descende e por tanto o resultante a pagar no Concello por un vendedor ou un herdeiro será tamén inferior. Comprador, o pago do imposto de Transmisións Patrimoniais que se abona á Comunidade Autónoma cando se adquire unha vivenda de segunda man, tamén verase afectado pola rebaixa catastral. En doazóns, cando alguén recibe unha vivenda que lle foi doada doada ou cedida sen diñeiro a cambio de pagar o imposto de Sucesións e



Doazóns, que neste momento todos sabemos que a Xunta quitouno. Segunda vivenda, ademais do comentado descenso do IBI, unha rebaixa catastral repercute tamén no IRPF dos propietarios de segundas vivendas, distintas ás habituais. Con todo isto, o que queremos dicir o Grupo Popular, que entendemos que é un beneficio para todos, na Comisión Informativa o Grupo de Goberno xa nos entregou o papel, pedíamos hoxe á mañá un informe ou que nos deran a copia onde se solicitara ao Ministerio de Facenda, señor Tenente Alcalde, moi amablemente díxonos que efectivamente demostrouno, non dubidamos da palabra en ningún momento, e que segundo este papel o Ministerio de Facenda, di que para o 2017, para este municipio é o 0,92. Nós temos as dúbidas, logo voulle explicar na miña segunda intervención por que, e nós o que si, estamos dispostos a que o primeiro acordo desta moción, que é baixo o grupo de fiscalidade creárase unha mesa de traballo cos voceiros dos distintos grupos políticos, manter ese punto, porque entendemos, tivemos dúas reunións dende o xoves, unha por teléfono e outra física, para que nos aclararan este tema, e nós traemos agora documentación onde non concorda. Entón eu creo que por iso intento crear esa mesa de traballo para chegar ao máximo de rebaixe da fiscalidade dos valores catastrais para que os veciños de Barbadás se beneficien. Loxicamente si se baixan os valores catastrais, os recibos do IBI van a baixar considerablemente, entón nós sabemos que agora mesmo, Catastro, revisou varias vivendas, houbo unha revisión catastral, onde hai uns ingresos que o Concello aparte desa revisión catastral, non sei dicir a palabra exactamente, que lle cobraban a todas as persoas sobre 60 € e aparte eses recibos catro anos para atrás vanllo a cobrar, entón iso vai a entrar nas arcas municipais e entendemos que a rebaixa catastral que nós propoñemos máis eses ingresos que entran por parte das revisións catastrais, poderían quedar igualadas, para que non haxa perda, e se fora perda, pois si hai sitios neste momento onde se poderían tamén, nos presupostos do 2017, o Grupo de Goberno podería equiparar ao mellor esa pequena, creo que pode ser unha pequena perda, pero os números hai que facelos e máis ou menos temos unha estadística do que podería ser.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Señor Ramón Padrón está na súa quenda de palabra.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós o que temos entendido, a información que temos dende hai uns meses, en principio o máximo que se pode baixar os valores catastrais para o ano que ven está nun 8%. A documentación que nos entregan así o corrobora. So nos entregan máis documentación pois ou algo que diga o contrario pois valorarémolo. Estamos de acordo en que se cree unha mesa de traballo iso xa se fixo o ano pasado, pero ao final non foi adiante e quedou todo no aire. No tema dos valores



catastrais si baixamos un 8% xa non temos moito máis que facer, porque o tipo xa está no mínimo do que permite a Lei do imposto, e de todas formas o recibo para o ano que ven aos veciños non lle vai a supoñer unha baixada porque compénsase coa subida da vida dun 1% creo recordar, co da revisión que para o ano que ven é o último ano. Entón do que estaba estipulado que tiña que subir os valores catastrais en dez anos, creo lembrar. Entón aos veciños non lle vai a supoñer no recibo que vaian a pagar menos, si que se non se fixera esta rebaixa do 8% pagarían máis, está claro. Digo que non temos máis que facer aí, a rebaixa do 8% si hai informes que din que podemos solicitar máis rebaixa, nós estaríamos de acordo en chegar si se puidera ata un 15% que foi o que defendemos na campaña electoral. Non un 29% como se pediu o ano pasado que tampouco tiñamos informes sobre a mesa de que iso podía ser oficialmente legal, que puidera pedirse. O da Mesa de Traballo que xa digo, xa se quixo facer o ano pasado, fíxose unha reunión pero despois non se seguiu con ese tema porque son cousas que ao mellor non interesan, pero a nós si que nos interesan moito e de feito fixemos algunha moción ao respecto. Estamos de acordo coa emenda que trae aquí o Grupo de Goberno e xa di, permita un sistema tributario e recadatorio máis xusto e progresivo atendendo a capacidade económica, e situación sociolaboral dos membros das familias. Está claro que as baixadas de impostos sempre tendo en conta coa capacidade económica e a situación sociolaboral dos membros das familias. Entón queremos que se faga canto antes esa mesa de traballo e para, xa digo, no tema do IBI, xa non temos moito máis que facer, salvo que aínda permita a Lei o chegar a un 90% no caso de familias numerosas de categoría especial que hoxe Barbadás aínda só aplica o 50 % para familias numerosas, a Lei aínda permite iso, aquí aínda non se aplica, e logo si que nos impostos a taxas xa municipais, o da Escola de Música, a Escola de Fútbol, e todo o que organiza o Concello, e polo que cobra, si que nos deberíamos poñer de acordo todos os Grupos para poñer uns descontos que segundo o que falamos antes e que ven nesta emenda. Nada máis.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas Sr. Ramón Padrón. Ten vostede a palabra señora Julia Jácome.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde, Concelleiro de Facenda.

O sr. Fírvida toma a palabra Primeiro dicirlle ao Partido Popular que como tantas outras veces chegan vostede tarde, si chegan tarde, porque agora vostedes queren subirse ao carro, e sabían perfectamente porque saíu en varios medios de publicación, saíu en periódicos, saíu nas radios, que o Concello de Barbadás tiña a intención de acollerse á posibilidade que ofertaba o Ministerio de



Economía e Facenda a través dos orzamentos para o Estado na Lei de Presupostos Xerais do Estado de actualizar os valores catastrais para axustalos aos valores de mercado e que no caso do Concello de Barbadás se podía aplicar un coeficiente do 0,92, isto significa unha rebaixa no valor catastral do 8%, en canto tivemos notificación desta posibilidade eu persoalmente púxenme en contacto con Técnicos de Facenda e tamén co Xerente do Catastro en Ourense, para saber cales eran as consecuencias que podía ter para o noso Concello, consecuencias recadatorias, consecuencias para a cidadanía, e tamén a posibilidade de aplicar coeficientes superiores ou inferiores, o que se nos manifestou verbalmente, non o teño por escrito, pero que se nos manifestou é que só podemos aplicar este 0,92, este coeficiente, non podemos aplicar nin coeficientes superiores nin inferiores, agora si o Partido Popular ten outra información diferente pois estudarémola, a min o que me manifestaron e que tiñamos que aplicar isto. Déusenos de prazo ata o 31 de maio deste ano para poder acollernos a esta posibilidade e con data de 9 de maio, perdón con data de 2 de maio do ano 2016, este Concello na persoa do seu Alcalde firmou a solicitude que nos pedían desde o Ministerio de Economía e Facenda para acollernos a esta rebaixa, polo tanto en canto ao IBI temos moi pouca capacidade de actuación, é un imposto de carácter estatal e as reducións a aplicar no IBI están taxativamente marcadas na lexislación, e incluso temos un informe elaborado pola Técnica de Administración Xeral do Concello de Barbadás, onde fala que o IBI é un imposto progresivo en función do valor da vivenda, e das aplicacións de bonificación ás familias e outras circunstancias que se poderían dar neste tipo de imposto, e o que di a Técnica como así manifesta tamén a Lei, a propia Lei Orzamentaria, é que non se pode aplicar ningún outro tipo de bonificación, nin sequera con carácter social, é dicir, non poderíamos nin sequera reducir o IBI ás familias en que todos os membros se atopasen no paro, por exemplo, aínda que quixéramos non poderíamos facelo, só podemos aplicar as bonificacións que veñen marcadas na Lei do IBI, na Lei Tributaria. Polo tanto no IBI nós entendemos que hai moi pouca capacidade de actuación desde o ámbito local, é por iso polo que o Grupo de Goberno, Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista, presenta unha emenda de substitución aos acordos do Partido Popular, porque tal como están recollidos os acordos do Partido Popular, non poderíamos cumprilos, e desde logo o que non vamos facer aquí é aprobar mocións para quedar ben e despois non cumprilas. Nós si recollemos como unha boa proposta do Partido Popular crear un Grupo de Fiscalidade baixo o epígrafe de fiscalidade, crearase unha mesa, a proposta é crear unha Mesa de Traballo cos voceiros e voceiras dos distintos grupos políticos coa obxecto de estudar a fiscalidade global do Concello, non do IBI en específico porque non poderíamos facer nada, impostos taxas e prezos públicos, mantendo os



obxectivos de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria que permita un sistema tributario recadatorio máis xusto e progresivo, atendendo á capacidade económica, é dicir, non unicamente en funcións, de si o número de membros da unidade familiar, nin sequera si é unha familia monoparental nin o número de fillos e fillas que podan convivir nesa unidade familiar, senón atendendo á capacidade económica, é dicir á renda per cápita, e en función diso establecer uns coeficientes de redución alá onde podamos incidir nas taxas municipais, e a situación sociolaboral porque tamén podemos incluír cuestións como violencia de xénero, como desemprego, e outras cuestións sociais que habería que ter en conta no sistema tributivo do Concello. Polo tanto estamos abertos a crear esa Mesa e estudar un por un todas e cada unha das ordenanzas fiscais e taxas que temos no Concello que son estas, pero vamos a estudalas unha por unha, e todas nas que teñamos capacidade de incidencia, por exemplo, taxas deportivas, escolares, musicais, culturais e todo o que sexa un sistema que dependa do Concello de Barbadás si que podemos aplicar uns criterios a todas estas taxas iguais para todas, en función da renda per cápita e da situación socioeconómica da familia.

A Sra. Vispo toma a palabra: Estaba esperando á miña segunda intervención porque así nos vai neste Concello. Xestión, previsión e eficacia cero. Vamos a ver. Si o Tenente Alcalde non está neste Concello, se o Alcalde non está neste Concello nos pasan estas cousas, voullo a demostrar a todo o mundo. Sábado 1 de outubro, Boletín Oficial, sae Barbadás e os valores, entón eu que estou na oposición, noso Grupo está na oposición e nós traemos os deberes feitos. Isto quere dicir que o 1 de outubro o Boletín Oficial do Estado puxo, o ensino, se o queredes ver, está aí, non me estou inventando nada, Barbadás os deberes fixéronos ben, o Grupo Popular non se subiu ao carro, o Grupo Popular para que todo o mundo o saiba e a xente que está aquí e a cámara está gravando, en xullo do 2015 xa o trouxo, a primeira vez, a segunda foi en decembro do 2015, é dicir, non nos subimos ao carro, non nos subimos ao carro, señor Tenente Alcalde, señor Alcalde, creo que as votacións destas últimas eleccións dixeron moito na cidadanía, nós traemos esta moción construtiva outra vez, construtiva, porque o que queremos é seguir adiante, se creamos unha Mesa de traballo é para poñer todo encima, aquí di que para Barbadás o coeficiente aplicará o do 2008, se nos vamos ao coeficiente do 2008, que agora voullo ensinar para que o teña e ao mellor tardo un minuto que me perdoan, pero quero ensinallo, é o 0,70, entón como tamén teño que dicilo, o Grupo Popular cos informes que ten non nos coincidía o mesmo que estaba dicindo este papel que está correcto e nós, a ver, cando hai unha dúbida, eu creo que o mellor é poñelo na Mesa de traballo, nós traemos o Boletín, traemos efectivamente un 0,70 era o que nos dixeron noso asesores técnicos, entón non nos coincidía co que o



Tenente Alcalde dixera na Comisión Informativa, entón como tampouco queremos ir de prepotentes e dicir non, isto está mal, eu creo que o mellor é, e o que propoñemos é que fagamos a Mesa de traballo e con toda a documentación quen ten que estar nesa Mesa de traballo, é como eu podo dicir neste momento como o fixo o Concello de San Cibrao, porque me puxen en contacto con eles. O Concello de San Cibrao, o que fixeron é poñerse o xerente do catastro como ben dixo o señor Tenente Alcalde antes, é o que nos ten que axudar neste caso. Agora xa sabemos que o Ministerio puxo, que é o valor do 2008 que é.

O sr. Alcalde toma a palabra: Brevemente, prosiga pero excede do tempo

A Sra. Vispo toma a palabra: Home eu creo que nos interesa a todos. Eu tamén non lle interrompín a el.

O sr. Alcalde toma a palabra: El estaba na súa quenda de palabra. Eu acabo de dicirlle brevemente, non lle acabo de quitarlle a palabra.

A Sra. Vispo toma a palabra : Non, non, eu cálome non teño ningún problema en calarme.

O sr. Alcalde toma a palabra: Só dixen brevemente.

A Sra. Vispo toma a palabra: Brevemente é iso. O que queremos é, nós a emenda que fixo o Grupo de Goberno, nós podemos quitar o segundo punto da nosa moción, pero o primeiro creo que non facemos nada, é máis ou menos o que vostedes puxeron, pero o segundo si o vamos a quitar, porque xa dixo o señor Tenente Alcalde que nesa Mesa de traballo, sen ter esta moción, podemos estudar as taxas e toda a fiscalidade das demais taxas, valga a redundancia, do Concello. O que nos interesa, agora mesmo, é rebaixar os valores catastrais, porque ben di, non vou a ler o que di o Ministerio, pero realmente estamos nun 50% superior os valores catastrais de Barbadás, e eu creo que a cidadanía non se merece isto e nós o vamos a pregoar aos catro ventos. Gracias.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. señor Ramón Padrón

O Sr. Padrón toma a palabra: Nós o que temos que dicir é que si hoxe o único que se permite é un 8% e non un 30, vostede di o 0,70. Eu entendo que o poña o Ministerio pode ser, vostede non se ría, déixese de rir porque aínda non acabei de falar porque cando acabe de falar ríase vostede o que queira. Eu entendo que siga poñendo iso o Ministerio porque aquí o informe que fala o Xerente Territorial do Catastro, di “el coeficiente de actualización de los valores catastrales de la Dirección General del Catastro va a proponer incorporar al proyecto de Ley de Presupuestos Generales del Estado para el 2017 para ese Municipio el 0,92”. Quere dicir que o vai propoñer, quere dicir que aínda non está proposto, ou sexa quere dicir que aínda estamos no 0,70, quero saber eu si é así.



O Sr. Alcalde toma a palabra: Agradecería que non houbera interrupcións.

O Sr. Ramón Padrón toma a palabra: Eu non sei si me explico. Si aínda está no 0,70, ou no 0,71 que foi no ano pasado a moción que trouxeron vostedes, é dicir que podíamos rebaixar un 29%. Iso foi a moción que veu o ano pasado a este Pleno, pedían unha rebaixa do 29% porque o coeficiente, ou non sei o nome, era do 0,70 ou 0,71, ben agora di, aquí di que se vai a propoñer á Dirección Xeral do Catastro, vai a propoñer ao Proxecto Lei dos Presupostos Xerais do Estado para o 2017 o 0,92, ou sexa que só poderíamos aplicar un 8, que é o que di o Goberno, o que defende. Quere dicir, os Presupostos do 2017 de Estado están sen aprobar, entón eu quero entender, ou queremos entender que aínda está en vigor o 0.70, non?. Queremos entender iso. Porque se se aproban os presupostos segundo o que di aquí, eu non sei si leron vostedes isto, pero aquí pono ben claro “va a proponer incorporar al Proyecto de Ley de Presupuestos del Estado para el 2017 para ese Municipio”, pero os Presupostos do Estado están sen aprobar, entón non sei si será seguro o tema do 8 ou como vostedes din estanos no 0,70 ou sexa que si se podería aplicar o 29 ou 30% de redución. Nós en todo caso no seu día dixemos que non íamos permitir unha rebaixa dun 30% que estábamos de acordo no en chegar ao 15%, que foi o que prometemos en campaña, pero non un 30. Nós dixemos que un 30% suporía unha merma de ingresos ao Concello impresionante, porque este Concello vive só do IBI, iso foi o que defendemos, iso foi o que falamos nese momento. Nós visto o visto si vostedes din iso e o Goberno di iso, aquí di claro que se incorporará á Lei de Presupostos do Estado 2017, uns presupostos que aínda están sen aprobar, informáronos a ver en que, si realmente ese 8% xa é fixo, xa está moi claro, ten que ser así, ou se aínda non está claro o tema ese.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a quenda de palabra a señora Julia Jácome. Non quere intervir?. Ten a palabra o señor. Tenente Alcalde

A Sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Eu non quero repetir a intervención que fixemos o mes de xuño do ano pasado. Quero lembrar xusto un mes despois de chegar este Grupo de Goberno ao Goberno de Barbadás tanto o BNG como o PSOE. É dicir, despois de 28 anos de goberno do Partido Popular, onde levaban cinco anos, si, eu lles explico, a ponencia de valores catastrais de Barbadás é do ano 2007. Empezouse a aplicar no ano 2008, desde había 5 anos xa se podía ter aplicado neste Concello a revalorizacións catastrais feitas polo Ministerio de Facenda. Si, si, si señora Consuelo, si, estou absolutamente seguro, si. Tiveron vostedes a posibilidade de aplicar coeficientes redutores durante 5 anos, e non o fixeron, está nas actas daquel mes, e sigo mantendo o que dixen aquel día, non o fixeron, con toda a hipocrisía do mundo, con toda a hipocrisía do mundo. Un mes e medio despois



de perder vostedes o goberno, lle piden a este novo Grupo de Goberno que fagamos o que vostedes non quixeron durante os últimos 5 anos que era reducir o IBI aos seus veciños, e nos piden a nós que o reduzamos un 29%, que eu fun o Catastro a preguntar o que suporía iso para o Concello, e era perder ingresos ao redor dos 600.000 €, é dicir, era o estrangulamento financeiro e económico do Concello de Barbadás, cerca de 600.000 € de ingresos menos. Como comprenderá, como comprenderá.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, non está na súa quenda de palabra. Non lle corresponde agora mesmo. Señora Chelo por favor.

O sr. Fírvida toma a palabra: Como comprenderá, eu non me pododo fiar do que me di o Partido Popular e teño que comprobar. Si, si, non, non, pero eu digo que eu fun a preguntar á Deputación Provincial de Ourense, ao Servizo de Recadación e fun a preguntar ao Catastro, da igual que sigan falando, eu tamén vou seguir falando, non me van quitar a quenda de palabra. Fun a preguntar o que suporía en ingresos para este Concello. Desde logo falando cos compañeiros e compañeiras do Goberno entendemos que era imposible aprobar a moción que presentaba o Partido Popular, porque supuña estar absolutamente na anemia financeira, é dicir, non íamos poder facer absolutamente nada. Polo tanto rexeitamos aquela proposta, a única notificación, a única notificación oficial que temos no Concello é este rexistro de entrada 7 de abril de este ano, esta é a única notificación que temos é este rexistro de entrada no Concello de Barbadás, 7 de abril deste ano, esta é a única notificación oficial, e agora vostede se saca da manga un documento. A ver se pododo acabar de falar. Que eu quero acabar de falar. Porque eu aguanto carros e carretas cando escoito cousas que, o que hai que aguantar aquí.

A sra. Vispo toma a palabra: É que vamos a ver como me saco da manga se isto é o Boletín Oficial. Que quede constancia que isto é o Boletín Oficial do 1 de outubro, e dime que o saco da manga, home por Deus!

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: A moción do Partido Popular ten data do 26 de setembro. E o que nos din agora vostedes é do 1 de outubro, o 1 de outubro foi antronte, e foi sábado, e onte foi domingo, e hoxe é luns, entón o Concello de Barbadás, non ten ningunha notificación oficial do que vostede me acaba de ler, co cal, co cal, non se pode tomar unha decisión de redución do 70% . Vaime dicir o que teño que ler.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ou calan, ou facemos un receso de 5 minutos. Vamos a ver. Vostedes verán. Eu creo que hai un regulamento que acabamos de aprobar hoxe mesmo e vostedes estano incumprindo agora mesmo sistematicamente. É certo ou non? Pois entón xa está. Por favor, pois xa está, si, pero xa é a segunda vez que pide desculpas e prosigue coa mesma tesitura. Entón as desculpas



acéptanse cando un rectifica. Acepto as desculpas pero por favor compostura a partires deste momento.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Entón para acabar, cando o Concello de Barbadás reciba unha notificación oficial do Ministerio de Economía e Facenda do Estado Español na que se nos permita aplicar uns coeficientes redutores nos valores catastrais, estudarémolo e o transmitiremos na mesa de Fiscalidade que temos pensado crear coa participación do Partido Popular e estudaremos iso. Hoxe como vostede entende non podemos aprobar un acordo que di, que permita que se beneficien ao máximo da revisión de valores catastrais. E cando vostedes presentan isto o 26 de setembro, coñecían cal era o máximo, cando aínda non temos ningunha notificación oficial? Polo tanto nós mantemos a emenda de substitución por parte do Grupo de Goberno si vostedes teñen a ben aprobar, aceptar, a emenda de substitución, votaremos a favor, si manteñen os acordos tal como a moción do Partido Popular, votaremos en contra. Só un apuntamento, o imposto de Sucesións da Xunta, ten vostede razón a Xunta eliminou o imposto de sucesións, isto supón que tódolos millónarios de Galiza non pagan nada cando herdan, porque queda, o Imposto de Sucesións quedou anulado na Comunidade Autónoma.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non hai quenda de réplica, como xa houbo guirigai de sobra como para intervir. Ramón son dúas intervencións por grupo, non consta en acta Ramón, o que acaban de dicir non consta en acta, as súas intervencións non constan en acta, polo tanto, mellor dito as súas intervencións non constan en acta. Acepto un minuto para cada un porque é un tema importante, pero un minuto taxado, corto a palabra ó minuto a todos, vostede tamén por suposto.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu simplemente quero repetir outra vez que si se lee este papel que nos entregaron hoxe que nós non tiñamos coñecemento del, que é a resposta do Xerente do Catastro, está claro que senón se aproban os Presupostos aínda o 8% tampouco é fixo, ou sexa, iso é o que vamos a mirar, que aínda non sabemos o que vamos poder aplicar ou non. E logo que nos deixemos de si o que di un acordo, ou outro, eu creo que deberíamos convocar esa Mesa, apróbese ou non se aprobe a moción, que a deberemos convocar e falar que seguramente non teremos esta discusión que estamos tendo agora aquí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas pola súa brevidade ademais tamén. Señora Julia Jácome. Nada que dicir? Señora Chelo Vispo, por favor un minuto, xa o dixen, un minuto para todos.

A Sra. Vispo toma a palabra: Xa no sei se falar. Nós non vamos a aceptar a emenda. Nós traíamos ao Pleno, soamente retirar ou sexa o primeiro punto que é a Mesa de traballo, o segundo o íamos a



retirar e así se o faríamos. Nós, o Grupo Popular, a proposta que faríamos sería retirar o segundo punto e deixar o primeiro, porque entendemos que a Mesa de traballo é así, vamos a ver, o trae o Grupo Popular, nós non vamos a aceptar esa emenda, entón se se acepta ben, se non nós trouxémolo tres veces, farémolo entender á cidadanía e é o que vamos a facer, eu creo que non podemos facer nada máis, o que si, a ver señor Fírvida, eu dígolle unha cousa, eu teño tres fillos, unha hipoteca, eu non son rica, ¿vale?, a propiedade, non, non, vostede está dicindo que o Imposto de Sucesións e Doazóns é para xente millonaria, ¿vale? Millonaria, foi a palabra. Si que o dixo, vamos a ver.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Dixen que permite que eles non tributen, que os ricos non tributen, dixen iso. Por que se me cambian as palabras? Brevemente, como non facemos brindes ao sol, non podemos aprobar o primeiro punto porque non podemos aceptar o que di taxativamente o Partido Popular polo tanto facemos unha emenda de substitución. Si non queren aceptala votaremos en contra porque non podemos recollelo tal e como ven aquí explicado

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción?. Señora Julia votou a favor entón vostede, si?. Votos en contra?. Abstencións?

A sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción do Partido Popular, votos en contra da moción do Partido Popular, abstencións. En contra

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do PP e Democracia Ourensana, abstención do Grupo Mixto e os votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG, e co voto de calidade do señor Alcalde en segunda votación o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular para mellorar a fiscalidade dos cidadáns de Barbadás”**

10- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA INFORMAR OS VECIÑOS E VECIÑAS DO ESTADO DAS MOCIÓN

A sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás para informar os veciños e veciñas do estado das mocións. Ten a palabra a señora voceira ou voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Imos ver ao longo da lexislatura os veciños e veciñas e demais grupos políticos que teñen representación no noso Concello poden dar conta de que as mocións que se aprobaron ata o de agora simplemente quedaron nun papel redactado, cun voto maioritario no Pleno, pero que logo non se executaron. Entendemos que a labor de calquera goberno para por conseguir e facer realidade o contido dunha moción aprobada no Pleno Municipal. Os nosos veciños e veciñas



merecen a transparencia da información ademais de poder consultar en calquera momento o estado no que se atopa unha moción aprobada no Pleno. Polo tanto, dende o Grupo do Partido Popular de Barbadás, propoñemos que se cree un enlace na web municipal, no que se poida visualizar un documento que de forma esquemática informe da situación de cada moción aprobada no Pleno. Permitir deste xeito aos veciños e veciñas, colectivos e asociacións locais que estean interesados nesta información a teñan previa solicitude dirixida ao Concello por correo electrónico ou en papel impreso no caso de que o solicitante careza de contacto dixital. Este documento dixital ou impreso conterà alomenos o título da moción, o grupo local que a presenta, grupos locais adheridos á mesma, as fases aprobadas, e o estado da moción no que se establezan como posibles valores, aprobada, orzamentada, iniciada, en fase de proxecto, á espera de resposta de outros organismos, en execución e finalizada. Ademais tamén, previsión de información, consignación orzamentaria e incidencias na execución. Trátase pois de facer realidade o acceso como á información pública, e marcar así as pautas para lograr un bo goberno e unha boa xestión dos servizos públicos. Ultimamente estamos a detectar polo certo nunha web cada vez máis obsoleta, quedan sen publicar temas de transcendencia e importancia para a poboación. Deste xeito, convido a calquera veciño ou veciña a que verifiquen esta realidade, sen ir máis lonxe, e traten de consultar algunha das actas e comprobarán como dende marzo están sen publicar, e como isto outras máis cousas. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Si, temos que dicir que no tema da web hai bastantes deficiencias. Nós no seu día trouxemos unha moción relativa a eso para que se mellorara o máis posible, e como din no Partido Popular, no tema dos Plenos e das actas dos Plenos está moi atrasado. Polo que se ve hai bastante documentación que presentar que habería que meter na web e o persoal ao mellor todo o que hai no Concello para levar isto a cabo é bastante complicado. Nós estamos de acordo en que se mellore todo o máis posible para que a veciñanza teña a información toda se a quere buscar. Niso tamén teríamos que pensar tamén o mellor o tema dos Plenos, os horarios que estamos vendo non están funcionando para que a xente se achegue aquí, nós incluso estaríamos dispostos a que se fixeran os Plenos os sábados pola mañá. Por probar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non interrompan. Agradezo que non se interrompan todos. Falo en xeral agora para todos

O sr. Padrón toma a palabra: Digo eu. Está claro, entón chegaremos á conclusión de que aos Plenos non lle interesan a ninguén. Porque nin polo día, porque a xente está traballando, os xubilados que



serían os que puideran vir ou polas tardes, non veñen porque pasan de todo. E pola noite xa ve a estas horas tampouco veñen nin de verán nin de inverno, da igual, salvo que sexa un tema ou que veñan espoliados por alguén como foi o tema dos hostaleiros que tivemos aquí representación abondo, pero non viñan moi informados aquel día. Entón, aquí máis días na semana non hai, de luns a venres está claro que non pode ser, entón eu estou de acordo en que busquemos a maneira, o máis posible, de ter a información a disposición da veciñanza, e isto xa seriamente, pero a veciñanza é a que ten que buscar as cousas e informarse. Está claro que calquera veciño si se quere informar de algo pode facelo, o que pasa que aquí, é unha pena que aínda que queiramos que a xente a verdade é que pasa bastante de moitas cousas, digo, non estou falando, a ver, as probas son as probas, e vostedes sábeno igual que todo o mundo, entón, con iso non quero dicir que non haxa que facer este tipo de cousas, e nós estamos obrigados a dar a máxima información en todo momento, para que segundo a persoa a solicita que poida achegarse a ela. Pero como comentaban anteriormente, o outro día houbo unha reunión, a segunda, no tema das asociacións e se na primeira foron todas nesta xa foi menos da metade. Entón algo pasa, ben, algo pasa na sociedade que o final non participa, non sei por qué, non participa aínda que lle poñamos, ou creemos que lle poñemos todos os resortes e a posibilidades para que así sexa, non participa. E isto que foi unha idea do Grupo de Goberno, de poñer o horario dos Plenos a estas horas, e está visto que tampouco funciona. Entón por iso dicía o dos sábados, pois por poñer outra alternativa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra a señora Julia Jácome. Ten a palabra o voceiro, non a moción é súa, polo tanto ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Primeiro vamos a aprobar a moción porque entendemos que recolle cousas que poden garantir a información á cidadanía, polo tanto, vémolos positivos. En todo caso, acabamos de aprobar o Regulamento Orgánico Municipal, por non darlle máis voltas, xa está preparado así para as tardes, o que tratamos desde o Grupo de Goberno e darlle transparencia a toda actuación do Goberno e por iso puxemos os Plenos polas tardes, cando o Partido Popular os puña polas mañás non viña nin unha soa persoa. Aquí empezou a vir un grupo de persoas e non veñen pois porque non terán maior interese en participar ou en escoitar as nosas propostas e o que aquí dicimos por parte de todos, entendo eu, pero si fose polas mañás, estou seguro de que non ía a vir ninguén, porque estivemos aquí moitos anos sen que viñera nin unha soa persoa. Referido á moción do Partido Popular, como digo vamos votar a favor, é certo que hai colapso no servizo de Secretaría do Concello, por falta de persoal. Aquí aumentouse moito o traballo administrativo, aumentouse a carga de traballo,



hai un grupo, hai dous grupos políticos máis nos Plenos, hai dúas mocións por grupo, hai Plenos mensuais. Todo iso fai que as actas sean moi largas, de moitas páxinas, con moitas intervencións, temos estado aquí ata as doce da noite, e que a transcripción sexa moi complicada, e esta provocando algún problema administrativo, incluso de pago, por a falta de celeridade á hora de redactar e de aprobar as actas. Teremos que buscarlle unha solución. Polo tanto, eu lle digo ao Partido Popular que aprobamos esta moción, pero intentaremos, xa o digo, intentaremos buscar unha solución ao servizo de Secretaría porque o que non vamos a facer é colapsar aínda máis o que agora está xa suficientemente cargado de traballo. Teremos que arbitrar algunha solución.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Penso que a transparencia é algo primordial para o cidadán e entón hai que conseguir por todas as medidas posibles que si hai que aumentar o persoal de Secretaría pois hai que aumentalo, o que non se poden é deixar as cousas sen facer. Con respecto, dicía vostede señor Tenente Alcalde, que agora hai máis traballo porque, agora somos máis Grupos, pois antes antes eran tres mocións, por tres Grupos, e agora, son dúas, ou sexa que queda practicamente igual. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quen estaba na quenda de palabra?

O sr. Fernández toma a palabra: Estaba eu. Simplemente é unha aclaración da señora Secretaria. Insisto, quen están gobernando, entre comillas, pero insístolle, son vostedes. A veces parece que se lles esquece, ren que haber previsión, se vostedes saben que hai problemas de persoal nas áreas que sexan polo aumento de traballo é responsabilidade súa darlle unha solución, é o que quero dicir eu. Nada máis.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Quedou todo explicado. Parte do incremento de traballo, non é só dos Plenos como explicou a señora Secretaria, senón por toda a tramitación administrativa que se move no Concello, a nova documentación, tamén lles fai que teñan máis traballo. Pero se buscará unha solución.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor para a moción do Partido Popular. Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto, e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: “Moción do Partido Popular de Barbadás para informar ós veciños e veciñas sobre o estado das mocións: **1.- Crear un enlace na web municipal no que se poida visualizar un documento que de forma esquemática**



informe da situación de cada moción aprobada no pleno. 2.- Permitir ós veciños, veciñas, colectivos e asociacións locais que estean interesados nesta información, que obteñan, previa solicitude dirixida ó concello, por correo electrónico, ou en papel impreso no caso de que o solicitante careza de contacto dixital. 3.- O documento dixital ou o impreso conterá:

- Título da moción.
- Grupo local que a presenta.
- Grupos locais adheridos á moción.
- Fases aprobadas.
- Estado da moción no que se establezan como posibles valores:

APROBADA: Estado inicial da moción despois de ser aprobada no pleno.

ORZAMENTADA: Cando a moción requira de contía económica para o seu desenvolvemento e o goberno ou organismo correspondente orzamentara o seu custo.

INICIADA EN FASE DE PROXECTO : Indicar, si procede, en que punto se atopa o proxecto.

Á ESPERA DA RESPOSTA DOUTROS ORGANISMOS: Cando a moción requira de calquera recurso dependente doutros organismos distinto do Concello de Barbadás.

EN EXECUCIÓN: Cando o goberno traballe, despois de cumprir os requisitos legais que requira a moción, e únicamente dependa do propio concello o fin da execución da mesma e antes de dala por finalizada.

FINALIZADA: Cando a moción se remate no seu desenvolvemento e ó servizo do cidadán.

- Previsión da execución.
- Consignación orzamentaria.
- Incidencias xurdidas na súa execución”

11- MOCIÓN PARA A MELLORA DOS PASOS DE PEÓNS NAS INMEDIACIÓNS DO CEIP O RUXIDOIRO

A sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á moción do Grupo Mixto para a mellora dos pasos de peóns nas inmediacións do CEIP O Ruxidoiro. Ten a palabra o seu voceiro o Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Como xa explicamos en Comisión Informativa traemos unha proposta de moción e cousas concretas e rápidas que creo que son de sentido común, carencias das que precisa



o Concello de resposta inmediata. A iniciativa veciñal que representamos, traemos a consideración do Pleno municipal unhas propostas que nos fixeron chegar veciños e veciñas deste Concello en relación coa mellora da seguridade nalgúns pasos de peóns de A Valenzá e nas inmediacións do CEIP O Ruxidoiro. No tocante aos pasos de peóns a proposta consiste na substitución das prazas de aparcamento de vehículos inmediatas a aqueles por outras de estacionamento de motos, bicis, vehículos de persoas de mobilidade reducida, incluso dos contedores do lixo. Isto pensamos que melloraría a visibilidade dos peóns á hora de cruzar a rúa coma dos condutores que se achegan aos pasos descritos. É certo que moitos destes pasos de A Valenzá, xa existe esta medida que propoñemos aquí pero tamén hai outros nos que aínda non se aplica, velái o motivo da moción. A outra proposta é da que lle presentamos foto, onde se ve perfectamente, e ten que ver coa mellora na seguridade nos accesos a pé nas inmediacións do Ruxidoiro. As queixas da veciñanza veñen motivadas pola dificultade de acceso dos que camiñan pola beirarrúa pegada ao muro de pedra que separa a estrada da explanada do colexio. A beirarrúa remata xusto co muro o que obriga a cruzar ao outro lado para continuar cara o colexio. Xa se teñen dado situacións de perigo para as persoas, debido a que o muro é máis alto, o que impide a visibilidade dos vehículos que saen da explanada. A solución que propoñen consiste no retranqueo do muro, entre un metro e metro cincuenta, para permitir que a beirarrúa continúe cara dentro bordeando o propio muro, evitando así ter que cruzar nese punto aos que veñen na beirarrúa en cuestión. Polo tanto os acordos que traemos ao Pleno son instar ao Grupo de Goberno a levar a cabo as actuacións antes descritas en relación aos pasos de peóns en A Valenzá e que aínda non teñen esa medida, sempre contando cos informes pertinentes da policía local, e instar ao Grupo de Goberno a que inicie os trámites para executar a obra de retranqueo do muro no Ruxidoiro que permita a continuación da beirarrúa por dentro da explanada, eliminando así o perigo que hoxe existe nese punto, nas horas de entrada e saída do centro, e ademais que non estreite o acceso dos autobuses e vehículos. Creo que quedou bastante explicado e claro o que é o tema do pasos de peóns. E verdade que cuanto máis visibilidade haxa mellor, entón, eses aparcamentos están xusto antes do paso de peóns, e si se utilizan para motos, bicis ou para os minusválidos ou para incluso contedores do lixo, ganaremos en visibilidade. Moitos xa os hai, xa dixemos, en cambio outros aínda non é así, e seguen aparcando coches e furgonetas pegados a eles. E logo no tema do muro é moi claro, a imaxe, ou sexa, tanto reducir á altura que non, non se necesita para nada, esa altura, non ten obxecto, na punta do muro, como retranqueo para que se poida facer esa beirarrúa e haxa un bordillo que xa impida aos vehículos entrar directos por aí. Nada máis.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia Jácome.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Boas tardes de novo. Nós vamos a estar en principio a favor desta moción como non podía ser doutro xeito, todo o que sexa e redunde en mellorar a circulación viaria, a seguridade dos peóns e demais, é positivo, o que pasa é que o que non entendemos é a postura de don Ramón Padrón, de tanto estar co Grupo de Goberno estáselle pegando os malas costumes eles tamén, van sempre o rebufo, cando nós traemos aquí unha moción, cámbianlle o nome, presenta unha emenda, senón a presentan eles non lles vale, tirona e de alí a uns meses acaban propoñéndoa, e vostede parece que fai o mesmo. Nós trouxemos esta moción hai agora un ano en setembro. Para mellorar a seguridade viaria de Filomena Dato e Ruxidoiro e demais, e vostede votou en contra. Entón como se entende isto? Vostede votou en contra. Eu non minto nunca. Se quere léolle. Ai meu rei, de verdade, é que é ofensivo. Eu teño por norma non contar mentiras nunca. Téño polo algo normal. Vou a ler a acta textual. Voulle aclarar para que non sexa a súa palabra. O señor Alcalde toma a palabra, estou falando da acta do 14 de setembro do 2015, páxina 32, por si a quere ler quen queira comprobalo. “O señor Alcalde toma a palabra, Moitas grazas, dado que xa houbo dúas intervencións por cada Grupo, sométese a votación a moción do Partido Popular, votos a favor, votos a favor, abstencións, e máis sométese a votación, e o resultado é votos en contra Bloque Nacionalista Galego, e Grupo Mixto e PSdG-PSOE, e votos a favor, Partido Popular e Democracia Orensana”. Isto é textual e lido, 14 de setembro de 2015. D. Ramón, por si me oe, senón cando lea a acta, que supoño que as lerá, na páxina 28, no é que é máis grave aínda, as cousas claras, hai que ofenderse cando ofenden a ún e non cando digan as verdades. Eu síntoo moito, pero...Na páxina 28, a intervención de don Ramón Padrón Caviño do Grupo Mixto, que ten que darlle contas a xente e á cidadanía, como temos que darlle todos, gobernamos para todos non só para os que nos votaron, e isto é unha responsabilidade, estar aquí, díxenllo aquel día e vólvollo repetir as veces que faga falta, isto é unha responsabilidade que creo que nos compete a todos, e dicía, na páxina 28, “O señor Padrón toma a palabra: Nada dicir simplemente que estamos de acordo con todas esas medidas que supoñen que aumente a seguridade nos colexios e nós pola nosa parte pedímoslle ao Goberno información sobre este tema e xa nos a están levando a cabo as medidas. “ Moi ben, e despois vota en contra. Entón explíquelles á cidadanía. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a sra. Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: A nós esta moción parécenos correcta, creo recordar que xa en dúas



ocasións, non sei si xaneiro ou febreiro, en decembro do 2015 ou xaneiro de 2016, e máis no último Pleno de creo lembrar, de setembro ou xullo, tería que revisar as actas, non levo ao dedillo, como fan os compañeiros do Partido Popular a revisión das actas, pero lembro perfectamente que en dúas ocasións xa falou o Equipo de Goberno, no sentido da liña de actuación que estamos levando e en relación co camiño escolar, en relación coa seguridade viaria e precisamente falando das melloras que estamos introducindo paulatinamente e na creación do camiño escolar, e a eliminación de barreiras e estacionamentos neste caso xa temos os informes técnicos da Policía Local, para facelo. A eliminación no sentido da marcha do estacionamentos para que non estorben, e substituílos en moitos casos por aparcamentos de motos como tamén se vai facer, xa o anunciamos agora nas inmediacións do colexio Filomena Dato, nese paso de peóns que é tan perigoso. Estamos dando continuamente pasos para mellorar precisamente a seguridade viaria e seguiremos nesaliña, sempre atendendo ás propostas construtivas da oposición. Respecto ao muro, a Concelleira de Educación xa recibiu hai semanas, hai máis dun mes, unha petición neste sentido da Anpa, para mellorar a visibilidade co retranqueo deste muro e non nos queda moi claro si pretende diminuír a altura do muro ou suprimir o muro por cando fala vostede de retranqueo, pero en todo caso os técnicos xa o estiveron mirando existen posibilidades para que sexa posible a seguridade viaria en maior medida e traballaremos na medida das nosas posibilidades económicas e na medida da dispoñibilidade de persoal, e para levar a cabo esta mellora.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Victoria Morenza. Ten a palabra o sr. Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Non me levantei por respecto a vostede que non aguantaba máis e tiven que ir ao baño. Perdón. De todas formas non teño porque estar escoitando o Pleno aquí de non sei que, porque vostede lee o que lle interesa. Vostede cando traen unha moción, eu podo aprobala, por exemplo aquí veñen dúas cousas máis concretas. Se vostedes si o consideran oportuno apróbana e si non queren non a aproben, agora a totalidade da moción o mellor había cousas das que estábamos en contra e non a apoiábamos como vostedes aínda hai pouco trouxeron aquí unha moción sobre poñer uns semáforos las Lamas, e vostedes mesmos non leen as súas propias mocións. Eu si que as leo, e léoas moi ben ademais, entón mire o de si se poden votar a favor, en contra ou absterse por si despois cambian algo, como despois vostedes cambiaron o tema dos semáforos, non se acorda? Pero eu voulle a acordar aquí porque non sabían nin o que puxeran, porque pedían a colocación inmediata de semáforos nas Lamas, e houbolle que dicir aquí que para aprobarlle á moción que sacaran iso e que puxeran o estudio de poñelas, pero si aprobamos unha moción haberá que aprobar exactamente o que



se pon, non? Como antes lle dixo o señor Tenente Alcalde, si cambiaban o texto, as cousas teñen que ir ben claras, porque se non despois pedimos que se executen as mocións, as mocións terán que ir executadas segundo o que se escriba nelas, non, entende?, porque si vostede pide a colocación inmediata duns semáforos significa que aprobada a moción, hai que colocar os semáforos. Entón, seguramente aquela moción, habería algúns aspectos nos que nos estábamos en contra e non vamos a aprobar unha moción na que o mellor nalgún aspecto estou en contra e vostedes tráeno metido con outras máis cousas e nada máis. Punto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón señora Julia?

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o Partido Popular, o señor voceiro. Non é que vamos a ver entre tantas interrupcións que se prodigan, a verdade é que un pódese perder.

O sr. Manuel González toma a palabra: Si é desculpable, ademais a estas horas intempestivas máis aínda.

O sr. Alcalde toma a palabra: O de intempestivas voulle dicir algo

O sr. Manuel González toma a palabra: Nocturnas

O sr. Alcalde toma a palabra: No non son nocturnas, son as 9 da noite, é unha hora de traballo. Desde logo que si vostede fai referencia. Si vostede con elo fai referencia a asistencia do público ás 10 da mañá, as 11, as 12, como estivemos facendo aquí noutras ocasións con outro goberno e saíndo as 4 do mediodía, pois xa me contará vostede tamén. Está na súa quenda de palabra, por favor, e gracias por escoitarme.

O sr. Manuel González toma a palabra: Moitas grazas como non podía ser doutro xeito. Está ben que se fale do Goberno anterior, xa o tiñamos medio esquecido e ségueno botando de menos e ó final o botan moito de menos igual que os cidadáns. Parece que non se facían as cousas tan mal e ó final o cambio de texto que dicía hoxe, pois en parte é para colgarse a medalliña, é dicir hai que poñer o museo da gaita, hai que poñerlle ao apalpador, e tal. Cambiarlle o nome ás cousas, o Apalpador, e que ademais é interesante poñer as estrelas vermellas dos parques en vez de limpalos, están cheos de herba e os pobres dos rapaces teñen que xogar, dentro de nada, dentro de nada, están, están. Con fotos, señor Tenente Alcalde, como sempre eu non minto. A miña palabra nese sentido vai á misa. E ensinolle as fotos cando vostede teña a ben sen problema ningún. Igual que lle lín a acta a D. Ramón é a cal me remito a ela, e está ben si tanto len que dicía D. Ramón paréceme ben, lean, que parece que non len, lean o DOGA e lean as actas municipais entre outras que eu creo que é o que nos atinxe a todos. En canto a cambiarlle as emendas, como non home? aquí estamos a discutir para mellorar as cousas. Aquí



o que se pedía era unha comisión, e ó final déronlle tanto a volta, xa o outro día na Comisión Informativa e agora acabaron rexeitando e votando en contra, cando vostede mesmo propoñía sempre Comisións Informativas que todos apoiabamos, e Comisións de Traballo que é parte do noso labor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, por favor. Tal como lle pido aos outros Grupos, creo que todos nós, por favor, todos, un inciso, que todos nós debemos gardar a compostura. Pido a todos os Grupos Municipais, ó Goberno, ós Grupos da oposición, que non interrompan, por favor. Creo que estamos nun Pleno que debe ser exemplo para todos os cidadáns do que é a vida democrática, e a vida democrática consiste simplemente en debater, non en interromper nin faltarse ao respecto. Moitas grazas, pode proseguir.

O sr. González toma a palabra: Nada, moi brevemente, dicíamos que iso que realmente si se apoiara, abstívose pero aquí o que pedíamos nisto era unha Comisión, e iso era algo para seguir traballando e non debater aquí si o IBI si, si o IBI non. E en canto ás contas, fixéronse xa no seu momento, seiscentos e pico mil euros, foron 625.000, non nos equivocamos, nós temos calculadora, sabemos facer as contas. Cando eu dixen nunha das primeiras intervencións, e nunha das primeiras que está aquí contemplado tamén na acta e que se subiron o soldo, é certo que se subiron o soldo, segue sendo. Cando fagan balance dos catro anos e nos miren os cidadáns todo o que pasou teñen moito onde mirar e tomar boa nota. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza. Non ten nada que dicir?

A sra. Morenza toma a palabra: Eu simplemente lle pedín ó compañeiro Ramón que me explicara un pouco máis que me explicara si diminuír a altura ou retrancar o muro, e un pouco á espera do que

O sr. Alcalde toma a palabra: Non entremos nesa dinámica, agora mesmo porque estamos nunha quenda adicional de aclaración á señora Concelleira. Votos a favor desta moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do Grupo Mixto para a mellora na seguridade nos pasos de peóns e nas inmediacións do CEIP O Ruxidoiro: 1- Instar ao grupo de goberno a levar a cabo as actuacións antes descritas en relación aos pasos de peóns en A Valenzá sempre contando cos informes pertinentes da Policía Local. 2 Instar ao grupo de goberno a que inicie os trámites para executar a obra de retranqueo do muro no Ruxidoiro que permita a continuación da beirarrúa por dentro da explanada eliminando así o perigo que hoxe existe nese punto nas horas de entrada e saída ó centro educativo”



PARTE DE CONTROL.

12- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

O sr. Alcalde toma a palabra: A Dación de contas, pasamos a parte de control, que a dación de contas de resolucións da alcaldía. Teñen vostedes a documentación nas súas carpetas quedan enterados polo tanto, e pasamos a rogos e preguntas. As preguntas xa saben que formularanse por escrito e despois recibiran a pertinente resposta. Señor Ramón, rogos? Sra. Julia? Non. Partido Popular, voceiro ou voceira? Vostedes pódenas enunciar e despois presentalas por escrito.

A sra. Vispo toma a palabra: Hoxe á mañá solicitouse á Secretaría polo tema dos problemas que está habendo de xestión deste Grupo de Goberno, temos entendido nosos asesores que hai que facer unha memoria sobre os servizos administrativos do Concello. Entón para que saiban os outros Grupos de Goberno, presentouse hoxe á mañá ás oito e media da mañá e solicitamos á señora Secretaria do Concello, “sobre a obriga ou non de emitir dende Secretaría memoria sobre o funcionamento dos servizos administrativos. Dende o noso Grupo descoñecemos si existen as devanditas memorias, polo que si existen solicitamos unha copia da última memoria. E de non existir as mesmas, solicitamos desa Secretaría unha memoria na que nos indique o funcionamento actual dos servizos administrativos do Concello de Barbadás”. Este é un dos que presentamos hoxe á mañá, sobre o servizo de limpeza xa non o leo porque xa o limos cando foi o tema de, despois presentamos hoxe á mañá, sabemos que hai problemas en Servizos Sociais, entón presentamos “instamos un informe do Concelleiro de Servizos Sociais do Concello de Barbadás, onde se nos indiquen as funcións que realizan actualmente cada unha das Traballadoras Sociais e a distribución do seu traballo”. Estamos pedindo informes polo tema de que realmente en todos os servizos hai distintos problemas, servizo de limpeza, creo que tamén xa o dixemos, vale, creo que están todos, ¿non, Manuel?. E agora, queremos saber quen pagou os autobuses que puxo Anpian para o desprazamento do concerto de rock que houbo esta fin de semana, despois vamos de fronte o Grupo Popular e o que queremos é facer un rogo que as banderolas do espacio infantil onde nós vemos a estrela independentista, presentouse un escrito, xa o dicimos hoxe, ao Valedor do Pobo, para que se retiren esas pancartas, esas banderolas e á Subdelegación de Goberno, despois temos coñecemento na Escola de Fútbol de que nos queren ocultar as cosas, polos padres falan, é que hai problemas en todas partes, entón queremos por parte do Concelleiro de Deportes que nos indique se hai un equipo que creo que está en Galega neste momento, que é o



Infantil A, os pais están descontentos, pediron a dimisión do...Eu sei que houbo unha reunión porque nolo contaron os pais, eu non estiven nesa reunión e pido por escrito que se nos informe, a min se hai un ou hai cinco, se hai un e nolo comunica a ese un temos que facerlle caso, entón pois o grupo esta desconforme, pediron a dimisión do ... Que eu vamos a ver, dígoo agora mesmo, o Grupo Popular estivo 8 anos e sabemos que a veces hai que contrastar todas as versións, entón se estivemos e nos dixeron que é unha escola que eles creen e como é así, que é una escola municipal e que loxicamente os niños da escola municipal que levan años aquí son os que teñen que xogar. Todos sabemos as normas dunha escola municipal, non de un club, e a escola municipal todos os niños teñen que xogar equis tempo e sabémolo, e estádelo facendo ben, pero neste caso, e cando o digo, a ver, cando o dicimos é porque o facedes ben. Hasta agora non nos metemos, pero no momento que hai un problema nós temos que estar aí, sobre todo cando os pais nolo comunican, entón queremos un informe por escrito e que se tomen as medidas oportunas para que non volva a pasar. O señor Moncho a través do señor Alcalde, vamos a ver, o que vostede fixo fai dous minutos explicándolle á señora Morenza, que paréceme perfecto, iso puido facer na Comisión Informativa, ou sexa que xa ve que o que nós facemos tamén o fai vostede, entón é un rogo para que cando pasa estas cosas, estamos nun Pleno, eu creo que

O sr. Alcalde toma a palabra: Os rogos van dirixidos ao señor Alcalde

A sra. Vispo toma a palabra: Agora mesmo diríxome a vostede para que saiba que efectivamente llo lembre a el para que aquí estamos todos para as dúbidas e que non é de Comisións. Cando hai algunha dúbida pois estamos para elo. Nada máis. A bandeira europea que non o puxera por escrito. ¿Onde vai a bandeira europea?

O sr. Alcalde toma a palabra: A iso voulle responder ao momento. A bandeira europea está retirada, está retirada deste salón de Plenos, por unha razón moi sinxela, houbo unha cuestión que se plantexou desde diversos grupos políticos nos que nós como goberno asumimos como crítica cara as decisións da Unión Europea en relación aos refuxiados. Está no meu despacho.

A sra. Vispo toma a palabra : Pero tería que estar aí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Está no meu despacho agora mesmo. E solidarizándonos cos refuxiados que sofren sistematicamente, sistematicamente a xenofobia como se puido ver aínda onte en Hungría con un referendun no que sen haber aceptado aínda ningún refuxiado tan sequera queren aceptar as cotas da Unión Europea. Nós queremos mostrar con esa actitude a nosa solidariedade cos refuxiados. Moitas grazas.



A sra. Vispo toma a palabra: Non vai volver?

O sr. Alcalde toma a palabra: Analizarémolo no seu momento.

A sra. Prieto toma a palabra (PP): Que se substitúan os cristais da marquesiña das Lamas. Que retiren das marquesiñas, contedores e demais lugares onde está a propaganda electoral, que hai moita, e aínda encima está prohibido. E aínda hai das municipais anteriores. Entón xa vai sendo hora. E máis limpeza no Parque dos Patos, o caucho xa está cheo de area, non se ve. As herbas si que hai señor Fírvida, hai bastantes, e as cadeiras que están no río, pois si podedes, quitádeas, vinas esta mañá e eu non as daba quitado, non dou baixado ao río.. Eu cando pasei a mañá vinas, entón si están retiradas moi ben, é o seu traballo, é o que teñen que facer, pois xa está, perfecto.

O sr. Alcalde toma a palabra Están entrando vostedes nunha dinámica bastante estéril, francamente

A sra. Prieto toma a palabra Estou falando eu, para que se meten?. As redes de Parada están rotas xa, como ven, rómpense a menudo, non é que non se cambiaran antes, tanto as da canastra como a das porterías. No Parque da Solaina máis herba e fochancas, tamén que habería que pasar a cavadora e alisar a area e quitar a minipiscina que hai alí. Repoñer os cristais das farolas e ós bancos darlle unha volta. En Sobrado hai escombros cara o campo de fútbol, entón cando podades, levan xa un tempo. No barrio de Alén estamos sen auga, no último ano temos auga dúas veces, e unha semana non, entón, é unha fonte á que vai moita xente e agradeceríamos que o solucionaran xa, e outra cousa que me parece importante é o análise das augas, que hai algunha que non está ben e a xente segue bebendo, pois facer o análise e darlle o resultado das probas. E creo que nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Algunha cuestión máis? Algunha intervención por parte do público? Levántase a sesión. Moitas grazas a todos e a todas.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 9:40 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.



CONCELLO DE BARBADÁS
